

# Lingua e Administración

## A PUBLICACIÓN DOS CADERNOS DE DOCUMENTACIÓN MUNICIPAL



Acaban de saír do prelo os dous primeiros *Cadernos de Documentación Municipal*, como primeiro froito que ve a luz pública do convenio asinado entre o Instituto da Lingua Galega e unha serie de concellos que se comprometeron a contribuír economicamente para a creación dunha Sección de Lingaxe Administrativa neste Instituto. Estes *Cadernos* pretenden facilita-lo labor do funcionario das dependencias municipais, cunha linguaxe clara e sinxela que foxe da complicada sintaxe e moitas veces incompreensible redacción que caracteriza a tantos textos administrativos, así como ofrecer solucións ós problemas léxicos que poden xurdir nos temas que tratan; para isto contan cun pequeno glosario galego-castelán ó final de cada un deles. O primeiro dos volumes da serie está adicado a *Patrimonio e Bens*, e nel recóllense os documentos relativos ós bens e dereitos dos que é titular o concello, as maneiras existentes de aumentar ou altera-lo patrimonio municipal (a afectación ou desafectación de bens de dominio público, a adquisición ou transmisión de bens a título lucrativo, oneroso ou por cesión urbanísticas obrigatorias, os alleamentos, as vendas, os deslindamentos, as expropiacións...), e maila elaboración e rectificación do inventario dos bens patrimoniais e demaniais, sexan edificios ou mobles. O segundo volume, adicado a *Contratación*, segue o procedemento de contratación de obras por se-lo arquetéptico, deténdose nas súas cinco fases: actos preparatorios, adxudicación (por subhasta, concurso ou concerto directo), desenvolvemento (no que pode haber modificación subxectiva do adxudicatario ou obxectiva do contrato, e revisión de prezos) e conclusión (por execución normal, con incumprimento dos prazos, con defectos non corrixidos, etc.).

Tras esta primeira entrega terá lugar a *renovación do convenio cos concellos galegos* para posibilita-la continuación deste traballo, importante cara á normalización da nosa lingua no eido administrativo; polo momento, están practicamente rematados dous cadernos máis: un referido a *Urbanismo* e outro a *Documentos xerais*, e continuarase a traballar neles ata un total de sete (os xa citados e os de *Réxime xurídico*, *Persoal* e *Facenda*), completando así as principais materias que se tratan nos organismos municipais. Tamén se está elaborando un *Diccionario de léxico administrativo*, no que se resolverán os principais problemas terminolóxicos e que, coma os formularios, ten como obxectivo facilita-lo traballo do funcionario e achega-la linguaxe administrativa ó cidadán.

## SUMARIO

A publicación dos Cadernos de Documentación Municipal ..... 1

O MARCO XURIDICO.  
Oferta de Emprego, público. Bases e convocatoria de prazas ..... 2

As eleccións municipais ..... 3

TERMINOLOXIA.  
Beirarrúa "acera", Beiravía  
"Arcen" ..... 6

DOCUMENTOS XUDICIAIS ..... 7

Nós en galego, e Vostede? ..... 8

### CONSELLO DE REDACCIÓN

Carlos Díaz Abraira  
Xermán García Cancela  
Xosé González Martínez  
María Xesús Miramontes Castro  
Mercedes Penoucos Castiñeiras  
Xosé Torres Romar

### DESEÑO:

M. Janeiro  
F. Mantecón

### IMPRESOR:

Artes Gráficas Galicia, S.A.  
Rúa Segovia, 15 - VIGO  
Depósito Legal: VG-186-1985

**EDITA: "ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA".**

(Este número está subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia).

## OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (continuación) BASES E CONVOCATORIA DE PRAZAS

Xoaquín Monteagudo R.

Como continuación ó artigo sobre a oferta de emprego público que apareceu no número anterior, publícase agora un MODELO DE BASES DE CONVOCATORIA unitario dos procedementos para a provisión de prazas. Componse de tres partes: *relación de postos que se convocan, bases da convocatoria e anexos coas bases específicas de cada proba.*

### 1. RELACIÓN DE PRAZAS CONVOCADAS.

- A) De funcionarios (detallalas)
- B) De persoal laboral (detallalas)

### 2. BASES DA CONVOCATORIA

#### 1. Normas xerais

1.1.- É obxecto da convocatoria a provisión en propiedade das prazas de funcionarios e persoal laboral que máis arriba se relacionan, consonte a oferta de emprego público deste Concello para... (ano), a través dos procedementos de selección que para cada unha delas se sinalan segundo o disposto pola Lei 30/84, a Lei 7/85 e o Real Decreto lexislativo 781/86.

1.2.- O número de prazas que se convocan corresponde co sinalado máis arriba, sen que os tribunais de selección poidan aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ó de prazas convocadas.

1.3. Poderase reservar para promoción interna ata o 50 por cento das prazas convocadas para funcionarios da Corporación en servizo activo que reúnan as condicións de titulación, antigüidade e demais requisitos esixidos en cada convocatoria.

O tribunal poderá acorda-la celebración conxunta ou separada da fase de oposición para os aspirantes do turno libre e restrinxido. A promoción interna dos funcionarios de Administración Xeral axustarase ás regras contidas no artigo 169.2 do R.D.L. 781/86. As prazas reservadas para promoción interna que non se cubran acumularanse ás convocadas polo sistema xeral de oposición libre.

#### 2. Requisitos.

2.1.- Para participaren nas probas selectivas os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos: a) teren nacionalidade española; b) teren

cumpridos dezaoto anos de idade e non pasaren daquela na que falten menos de dez para a xubilación forzosa por idade; c) teren o título esixible ou estaren en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias. Os títulos para cada unha das prazas sinalanse nos anexos desta convocatoria; d) non teren enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións correspondentes. As persoas que padezan minusvalía deberano facer constar na instancia, sinalando se precisan adaptación das probas; e) non teren sido separados mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades locais, nin atopárense inhabilitados para o exercicio de funcións públicas.

Os devanditos requisitos deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes, e será nulo o nomeamento como funcionario municipal dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

#### 3. Solicitudes.

3.1.- Os que desexen participar nas probas selectivas deberano facer constar nunha instancia dirixida ó Alcalde do Concello d. \_\_\_\_\_ que presentarán no rexistro xeral da Corporación (directamente ou a través das oficinas de Correos polo procedemento previsto no artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo), no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio de convocatoria no B.O.E. e á que xuntarán recibo que acredite o pagamento da cantidade de \_\_\_\_\_ pesetas por dereitos de exame na Tesourería do Concello (directamente ou por xiro postal, achegando neste caso copia do resguardo).

3.2.- Cando o procedemento de selección inclúa fase de concurso de méritos, os aspirantes deberán unir á instancia unha relación dos que aleguen, achegando os documentos que os xustifiquen.

#### 4. Admisión de aspirantes.

4.1.- Para ser admitido e tomar parte nas respectivas convocatorias abundará con que os aspirantes ma-

nifesten nas instancias que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no número 2.1. destas bases, ademais das que para cada praza se sinalen nos respectivos anexos.

4.2.- Rematado o prazo de presentación de instancias a Presidencia da Corporación dictará resolución no prazo de un mes aprobando a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no B.O.P. e no taboleiro de edictos da Corporación. Os aspirantes excluídos poderán interpoñer recurso de reposición contra a dita resolución no prazo de un mes contado a partir da súa publicación no B.O.P.

4.3.- Na mesma resolución da Presidencia incluírase a composición do tribunal e mailo lugar, data e hora de comenzo dos exercicios.

4.4.- Os erros de feito poderán ser rectificadas en calquera momento, de oficio ou a pedimento do interesado.

#### 5. Tribunais calificadoros.

5.1.- Os tribunais das distintas probas selectivas serán designados consonte o disposto nos artigos 4 e 5 do R.D. 712/1982, do 2 de abril, e a súa composición farase pública de acordo co establecido na base anterior.

5.2.- Os membros dos tribunais deberanse abster, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 20 da Lei de Procedemento Administrativo ou se se dedicaron a preparar aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación destas convocatorias. Os aspirantes poderán recusa-los membros do tribunal cando concorran esas circunstancias.

5.3.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza, como mínimo, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

5.4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación destas normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.5.- Tamén poderá dispoñer-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue convenientes. Os asesores limitaranse a presta-la colaboración nas súas especialidades técnicas.

5.6.- Para os efectos de "asistencias" dos compoñentes dos tribunais que actúen nestas probas, estes terán as seguintes categorías, conforme ás sinaladas no anexo IV do R.D. 1344/1984: primeira categoría, para as prazas de técnicos de Administración Xeral ou Especial e administrativos de Administración Xeral; segunda categoría, para as prazas pertencentes ó grupo D, e terceira categoría para as pertencentes ó grupo E.

#### 6. Desenvolvemento dos exercicios.

6.1.- A actuación dos opositores farase por orde alfabética segundo a primeira letra do seu primeiro apelido, comezando pola letra ... conforme ó disposto pola Resolución da Secretaría de Estado para a Administración Pública do....

6.2.- Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e serán excluídos da oposición os que non comparezan, non sendo nos casos xustificadas que aprecie o tribunal. Deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do D.N.I.

6.3.- A publicación dos sucesivos anuncios de celebración do segundo e seguintes exercicios faraa o tribunal no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

6.4.- Os exercicios das diferentes oposicións comenzarán no mes de ... e deberán estar rematados, o máis tarde, no de .... As datas exactas de comenzo dos exercicios serán anunciadas oportunamente, de acordo co disposto na norma 4.3.

6.5.- Entre o remate dunha proba e o comenzo da seguinte deberán transcorrer alomenos corenta e oito horas e non máis de vinte días.

#### 7. Calificación dos exercicios.

7.1.- Os sistemas de calificación de cada proba sinálanse nos anexos desta convocatoria.

7.2.- As calificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio publicaranse o mesmo día no que se acorden no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

7.3.- A puntuación final e a orde de calificación dos aspirantes aprobados virá dada pola suma das puntuacións obtidas no conxunto das probas.

7.4.- O tribunal poderá acorda-la lectura pública dos exercicios que se fagan por escrito se o xulga oportuno, e conversar cos aspirantes sobre o seu contido durante un tempo mínimo de quince minutos.

7.5.- Rematadas as probas, o tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación, que remitirá coa acta da última sesión á Presidencia da Corporación que faga o nomeamento.

#### 8. Nomeamento.

8.1.- No prazo de vinte días naturais contados desde o seguinte ó da publicación de opositores aprobados, estes deberán presentar no rexistro xeral do Concello os seguintes documentos: a) copia autenticada do D.N.I.; b) título esixido para participar nas probas selectivas; c) declaración xurada de que non foron separados mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública e de que non están inhabilitados para o exercicio de funcións públicas; d) declaración xurada de que non están incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ó momento da súa toma de

posesión; e) certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función, expedido pola Xefatura Provincial de Saíde.

8.2.- Os aspirantes que fagan vale-la súa condición de persoas con minusvalía deberán presenta-lo certificado dos órganos competentes que acredite esa condición e mailo certificado que acredite a compatibilidade co desenvolvemento de tarefas e funcións correspondentes á praza.

8.3.- Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira estarán exentos de xustificaren documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obterer o seu anterior nomeamento, presentando neste caso certificado da Administración Pública da que dependan que acredite tal condición.

8.4.- Os que no prazo, e non sendo por caso de forza maior, non presentasen a documentación esixida non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuício da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade.

8.5.- Cumpridos os ditos requisitos, o presidente da Corporación fará o nomeamento dos aspirantes propostos, que deberán tomar posesión no prazo de un mes contado desde o día seguinte a aquel en que lles fose notificado o acordo.

#### 9. Norma final.

9.1.- Esta convocatoria e tódolos actos administrativos que se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei de Procedemento Administrativo.

Xoaquín Monteagudo R.

## AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS

O art. 140 da Constitución Española (en diante CE) dispón que o goberno e administración do municipio corresponde ó Concello, integrado polo Alcalde e mailos Concelleiros. Estes son elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, en consonancia por unha banda co carácter democrático do Estado recoñecido no art. 1 da CE, e pola outra co dereito de participación nos asuntos públicos que —directamente ou por medio de representantes elixidos libremente en eleccións periódicas por sufraxio universal— recoñece o art. 23 tamén da CE.

A norma que desenvolve eses mandados constitucionais e regula os procesos electorais é a Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral 5/85, do 19 de xuño, (en diante, LOREX) que, para o que agora nos interesa, contén no seu Título I as disposicións comúns para tódalas eleccións e no seu Título III as disposicións especiais para as eleccións municipais.

#### 1.- O DEREITO DE SUFRAXIO

Segundo os arts. 176 e 177, en relación cos 2 a 7 da LOREX, poden votar e ser candidatos nas eleccións municipais os cidadáns españois maiores de idade (18 anos) nos que

non concorran as seguintes circunstancias:

a) que fosen condenados por sentenza xudicial **firme** a pena principal ou accesoria de privación do dereito de sufraxio, durante o tempo do seu cumprimento. Están recollidas nos arts. 35 a 39 do Código Penal e son as inhabilitacións absoluta e especial, e as suspensións de cargo público e do dereito de sufraxio.

b) que fosen declarados incapaces por sentenza xudicial **firme** que dispoña expresamente a incapacidade para votar, por padece-la persoa enfermidade ou deficiencias de carácter físico ou psíquico que lle impiden go-

berñarse a si mesma (art. 200 do Código Civil).

Cómpre sulñar que nos dous casos anteriores a sentenza xudicial condenatoria ou declarativa da incapacidade debe ser **firme**, isto é, non susceptible de recurso, pois mentres se tramite o recurso de apelación que, se é o caso, se tivera interposto —ou o de casación— non atinguen á capacidade electoral.

c) que estean internados nun hospital psiquiátrico, sempre que a autorización xudicial de internamento (art. 221 do Código Civil) así o dispoña e mentres dure aquela situación.

Para votar é preciso ademais estar inscrito no Censo electoral e soamente se pode facer na sección e mesa electoral que corresponda.

Nas eleccións locais poden votar tamén, aínda que non seren candidatos, o estranxeiros residentes en España, por reciprocidade, cando nos seus países se permita votar ós cidadáns españois alí residentes.

Do que se leva dito, tírase que para ser candidato a concelleiro a un determinado municipio, non é necesario ser veciño do mesmo.

**Causas de inelixibilidade.**— Impiden que unha persoa con capacidade para ser candidato poida presentarse ás eleccións ou ser proclamado como tal. Son:

a) desempeñar altos cargos políticos, pertencer á carreira xudicial, ou militar, ou ser membro das forzas de seguridade.

b) ter sido condenado a pena de privación de liberdade por sentenza xudicial **firme** no tempo que dure a pena.

c) ser debedor directo ou subsidiario do respectivo Concello, contra o que haxa mandamento xudicial de constrinximento.

**Causas de incompatibilidade.**— Son as que, de concorreren no candidato electo, trala celebración das eleccións, o obrigan á renuncia da súa condición de concelleiro ou ó abandono da situación que orixina a incompatibilidade (se é posible a alternativa, pois hai casos nos que non o é, e entón pérdese a condición de concelleiro ou, se é o caso, suspéndense os seus dereitos como tal; por exemplo, no caso de condena xudicial firme). Son causas de incompatibilidade:

a) as citadas antes como de inelixibilidade, cando se dean trala celebración das eleccións.

b) ser avogado ou procurador de parte en procedementos xudiciais ou administrativos contra o respectivo Concello ou as entidades que dependen del, non sendo cando fosen re-

cursos contra acordos municipais interpostos polos concelleiros que votasen en contra deles ó se adoptaren.

c) ser funcionario ou persoal en activo ó servizo do respectivo Concello ou das entidades que dependen del.

d) ser director xeral ou asimilado das Caixas de Aforro provinciais ou locais que actúen no municipio.

e) ser contratista ou subcontratista de contratos financiados total ou parcialmente á conta do Concello respectivo ou dos establecementos que dependen del.

Os concelleiros están obrigados a poñeren en coñecemento da Corporación calquera feito que poida ser causa de incompatibilidade, e a existencia da mesma deberá ser declarada polo Pleno da Corporación requirindo ó afectado para que no prazo de dez días elixa entre a renuncia ó seu cargo de concelleiro ou abandone a situación que orixina a incompatibilidade (se, como dixemos antes, isto é posible, pois cando se trate de incompatibilidade por condena xudicial firme ou declaración de incapacidade non haberá lugar á elección nin polo tanto ó requirimento). Transcorrido o prazo sinalado sen que o interesado fixese a selección, ou cando esta non proceda, o Pleno da Corporación declarará a perda da condición de concelleiro e a existencia da vacante e solicitará da Xunta Electoral a expedición de credencial ó candidato seguinte da lista correspondente para a súa toma de posesión.

No caso de que a causa de incompatibilidade consista nunha condena por sentenza xudicial firme a pena de privación de liberdade, inhabilitación absoluta ou especial, ou suspensión de cargo público ou do dereito de sufraxio que teña unha duración inferior ó que lle resta de tempo de mandato ó concelleiro afectado, non conleva a súa perda de condición de membro da Corporación, nin polo tanto a declaración de vacante, senón que soamente supón a suspensión temporal do seu cargo, ó que se poderá reintegrar transcorrido o tempo de duración da pena (art. 8 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais —en diante, ROF— e acordo da Xunta Electoral Central do 20 de febreiro de 1986).

Convén finalmente distingui-las causas de incompatibilidade de que vimos falando das que en materia de actividades e retribucións prevé a Lei 53/84, do 26 de decembro, para os membros da Corporación que desempeñen o seu cargo en réxime de adicación exclusiva (arts. 75.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

—en diante, LBRL— e 5 da Lei 53/84), anque o procedemento para poñer fin á situación de incompatibilidade orixinada por estas sexa o mesmo que describimos para as anteriores.

## 2.- SISTEMA ELECTORAL

Cada municipio constitúe unha circunscrición electoral onde se elixe un número de concelleiros fixado polo artigo 179 da LOREX en función do número de residentes no territorio municipal: o número de concelleiros é sempre impar e vai de 5 para municipios de 100 a 250 residentes, a 25 concelleiros para municipios de 50.000 a 100.000 residentes. Logo súmase un concelleiro máis por cada cen mil residentes ou fracción, engadíndose un máis ó final se o resultado fose par.

O sistema de atribución dos escanos de concelleiro é como segue:

a) **Municipios de 100 a 250 residentes:** elixense os concelleiros por un sistema **maioritario de lista aberta**. Cada candidatura componse dunha lista cun máximo de 5 nomes e cada elector pode da-lo seu voto a un máximo de 4 candidatos anque sexa de listas diferentes (por iso son listas abertas, porque o elector pode escoller en cada lista o candidato ou candidatos que queira, e sinalar candidatos de varias listas, anque nunca en total a máis de catro). Obteñen escano os candidatos que acaden máis votos no municipio, por iso é un sistema maioritario, e califícase de **limitado** porque, ó non poder da-lo seu voto o elector a máis de 4 candidatos, sempre queda un quinto posto para as minorías.

b) **Municipios de máis de 250 residentes:** elixense os concelleiros por un sistema **proporcional de lista cerrada e bloqueada**. As candidaturas preséntanse mediante unha lista que debe incluír tantos candidatos como postos de concelleiros a cubrir e tres suplentes, coa expresión da orde de colocación de todos. O elector vota a lista enteira sen que poida escoller uns candidatos e desbotar outros (por iso é lista cerrada) nin muda-la orde de colocación deles na lista (por iso é bloqueada).

Os escanos son atribuídos a cada lista por un sistema proporcional, o que quere dicir que, por contraposición ó sistema maioritario, non obtén a totalidade dos escanos a candidatura que máis votos acadade, senón que se reparten coas candidaturas minoritarias en proporción ós seus votos. No noso caso, a distribución de escanos faise polo procedemento chamado da lei D'Hondt, consistente en que se poñen nunha columna de máis a me-

nos a cifra de votos de cada candidatura ou lista, e divídese por 1, 2, 3, etc., ata un número igual ó de escaños que se elixen no municipio, formando un cadro cos resultados da división, e logo atribuíndo os postos de concelleiro ás candidaturas que obteñan os cuocientes maiores, e por unha orde decrecente. Os escaños correspondentes a cada candidatura adxudícanse ós candidatos incluídos nela pola súa orde de colocación.

A LOREX impón unha barreira legal do 5% dos votos válidos emitidos no respectivo municipio, de xeito que a lista que non acadase esa cifra xa non se ten en conta para a distribución de escaños.

A existencia da barreira legal deu lugar a un recurso perante o Tribunal Constitucional que foi resolto por sentenza do 21 de xuño de 1985 na que se recoñece a lexitimidade da mesma porque o fin que a xustifica é estimado constitucionalmente admisible (limitar unha excesiva fragmentación na representación dos electores).

Por conexión coa materia anterior, aínda que non é unha cuestión propiamente electoral, a LOREX regula o procedemento para cubrir as vacantes que se vaian producindo ó longo do mandado da Corporación por incapacidade, renuncia ou falecemento dos concelleiros (ou por incompatibilidade, que é o mesmo procedemento), vacantes que se atribúen ó candidato ou suplente, se é o caso, da mesma lista atendendo á orde de colocación.

Quédanos por dicir, neste apartado, que soamente poden presentar candidaturas os partidos e federacións de partidos inscritos no Rexistro de Partidos Políticos, as coalicións de partidos que decidan concorrer conxuntamente a unha elección (neste caso deberán comunicalo á Xunta Electoral no prazo de 10 días seguintes á súa convocatoria) e as agrupacións de electores. Estas precisan un determinado número de firmas de electores do municipio en función do seu número de habitantes (art. 187.3 da LOREX).

### 3. CONSTITUCIÓN DAS CORPORACIÓNS LOCAIS.

Tampouco esta cuestión é propiamente electoral, anque a LOREX se ocupe dela. Dispón que o mandado dos membros das Corporacións Locais é de 4 anos a contar do día da súa elección, o que ten de novidade respecto da lexislación electoral anterior que aquela contaba os 4 anos a partir do día da constitución da Corporación e non da súa elección.

Rematado o prazo do seu mandado, isto é, transcorridos os catro

anos, a Corporación saínte continuará "en funcións" ata o día da toma de posesión dos novos concelleiros, mais soamente para "a administración ordinaria" e sen que poida adoptar acordos que esixan un quórum especial de votación (véxase a relación que contén o art. 47 da LBRL). Convén salientar que o ordenamento xurídico non define o que sexan actos de administración ordinaria (como tampouco define, para unha situación parella, o que é goberno en funcións do que fala o art. 101 da CE ó se referir ó Goberno Central cesante), pero non se debe identificalo concepto de actos de administración ordinaria cos que non estean incluídos na relación de acordos que precisan de quórum especial de votación, xa que hai outras moitas decisións do Pleno da Corporación, ou mesmo do Alcalde ou, se é o caso, da Comisión de Goberno, de moito relevo, que impide calificalas como de administración ordinaria (por exemplo a aprobación do presuposto ordinario da Corporación).

O terceiro día anterior á constitución da nova Corporación o Pleno e maila Comisión de Goberno saíntes débense reunir para os efectos de aprobar cadansúa acta da derradeira sesión celebrada (art. 36 do ROF).

O acto de constitución da nova Corporación terá lugar o vixésimo día seguinte ó da celebración das eleccións en sesión pública (ou cadrexésimo se houber recurso contencioso-electoral presentado contra o acto de proclamación de candidatos electos), sen necesidade de convocatoria previa. O RD 1169/83, do 4 de maio, de aplicación ao acto de constitución das Corporacións nas eleccións de 1983 —e que está practicamente derogado na súa totalidade pola LOREX e o ROF— sinalaba que a sesión tería lugar ás 11 horas. É de supoñer que antes da constitución das novas Corporacións o Goberno central dicte un novo Decreto con normas complementarias que regulen o desenvolvemento do acto.

O día citado constitúese unha Mesa de Idade composta polo máis vello e o máis novo dos elixidos e polo Secretario da Corporación, que comproba as credenciais presentadas e a identidade dos electos coas certificacións remitidas pola Xunta Electoral de Zona, e de asistí-la maioría absoluta daqueles declara constituída a Corporación (se non celebrárase a sesión dous días despois independentemente do número de concelleiros electos que entón asista).

Os concelleiros electos, ademais de teren entregadas as súas credenciais na Secretaría da Corporación antes de principia-lo acto, deben

face-la **declaración de bens e actividades privadas** no prazo dos cinco días que vai da proclamación de candidatos electos ó acto de constitución da Corporación, declaración que se inscribirá no **Rexistro de Intereses** do Concello (art. 75.3 da LBRL e 30 a 32 do ROF). A declaración abrangue os bens mobles e inmobles, as actividades e ocupacións profesionais, mercantís, industriais, traballos por conta allea e toda clase de fontes de ingresos, empregos e cargos en entidades privadas, así coma outros intereses e actividades anque non dean ingresos que afecten ou estean en relación co ámbito de competencias da Corporación. Esta declaración cómpre reiterala cando no decurso do seu mandato se produzan variacións no patrimonio ou actividades dos interesados.

De acordo co art. 108.6 da LOREX, para que os concelleiros electos adquiran a **plena condición dos seus cargos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución** no momento da toma de posesión, no noso caso perante a Mesa de Idade. É unha novidade que non recollían nin a Lei de eleccións locais anterior nin a lexislación de réxime local. A súa lexitimidade foi declarada polo Tribunal Constitucional en sentencias do 18.11.83 e 16.12.83 coa ocasión de recursos interpostos por deputados de Herri Batasuna e Bloque Nacionalista Galego. A fórmula de xuramento ou promesa está contida no RD 707/79, do 5 de abril.

A **elección de Alcalde** (art. 196 da LOREX) ten lugar na mesma sesión e trala constitución da Corporación. A Mesa de Idade requirirá a presentación de candidatos á Alcaldía, que soamente poderán selos concelleiros cabeza de lista, e logo faise a votación. O RD 1169/83 xa citado dispoñía que a elección era mediante unha soa votación e por papeleta secreta. Anque nin a LOREX nin o ROF se ocupan da cuestión directamente o art. 102.3 do ROF dispón que a votación secreta "só poderá utilizarse para a elección e destitución de persoas". Aínda que o senso do citado parágrafo é ambiguo, xa que pode entenderse que en tales casos a votación secreta é obrigatoria ou unha simple facultade da Corporación, semella máis axeitada a primeira alternativa, e polo tanto a elección de Alcalde haberá que facela por papeleta secreta na que cada concelleiro debe poñer-lo nome e apelidos do candidato elixido. É probable que o Goberno aclare esa cuestión por medio do Decreto que sairá antes das eleccións.

Se algún candidato obtén o voto da maioría absoluta do número de

concelleiros que legalmente compoñen a Corporación, será proclamado Alcalde, e se non automaticamente serao o concelleiro cabeza da lista que tivo máis votos populares no municipio. Se houber empate no número de votos obtidos por dúas ou máis listas nas eleccións municipais, resólvese o nomeamento por sorteo entre os seus cabezas de lista.

Nos municipios de 100 a 250 habitantes poden ser candidatos a Alcalde tódolos concelleiros e se ningún obtívese o voto da maioría absoluta, serao o concelleiro que máis votos populares tivo no municipio.

O Alcalde elixido tomará posesión do seu cargo inmediatamente perante o Pleno da Corporación tralo xuramento ou promesa de actamento á Constitución na forma regulamentaria. Se non estiver presente no acto será requirido para que tome posesión no prazo máximo de 48 horas en sesión do Pleno, coa advertencia de que, de non facelo sen causa xustificada, se procederá coma no caso de vacante.

Regula tamén a LOREX o procedemento de destitución do Alcalde

por moción de censura (art. 197), da resolución de vacante na Alcaldía por falecemento, renuncia ou incapacidade (art. 198), temas dos que nos ocuparemos noutra ocasión.

E para rematar co acto de constitución das novas Corporacións Locais, o art. 36 do ROF lembra que os Secretarios e Interventores dos Concellos coidarán de que o día en que teña lugar se faga un arqueo dos fondos públicos municipais e estean preparados os xustificantes dos cartos e valores na Tesourería da Corporación ou Bancos, e a documentación do inventario de bens.

Polo seu estreito vencellamento coa constitución das Corporacións, cómpre indicar que, non sendo que o Regulamento Orgánico do Concello dispoña outra cousa, no prazo dos 5 días hábiles seguintes á aquela, deberán constituírse os Grupos políticos municipais, nos que se integrarán os concelleiros para os efectos da súa actuación corporativa (arts. 23 a 29 do ROF), que se fará por medio de escrito dirixido ó Alcalde e asinado polos concelleiros integrantes de cada un no que poñerán o nome do Grupo, a

súa composición, a designación do voceiro e mailos seus suplentes.

No prazo dos 30 días seguintes á constitución da Corporación, o Alcalde está obrigado a convocar sesión ou sesións extraordinarias co fin de:

a) dar conta dos Grupos políticos municipais;

b) sinala-la periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, sen prexuício do que dispoña o Regulamento Orgánico;

c) creación e composición das Comisións Informativas permanentes, tendo en conta o criterio de proporcionalidade recollido no art. 20.3 da LBRL;

d) o coñecemento de resolucións do Alcalde verbo do nomeamento de tenentes de alcalde, membros da Comisión de Goberno, Delegacións da Alcaldía e presidentes de Comisións Informativas;

e) nomeamento de representantes do Concello en órganos colexiados, nos casos en que se sexa competencia do Pleno.

Xesús Costas Abreu  
Xoaquín Monteagudo Romero

## terminoloxía

### BEIRARRÚA “ACERA”, BEIRAVÍA “ARCÉN”

Traemos neste número ó apartado de “Terminoloxía” dous conceptos de uso moi frecuente, para os que cumpría unha unificada denominación en galego e que presentan, na súa solución léxica, bastantes afinidades. Trátase de: 1º) “Marxe, parte lateral dunha rúa, normalmente pavimentada ou enlousada e algo máis alta có piso, destinada especialmente ó tránsito de transeúntes” e, por extensión, “ringleira de casas ou, simplemente, lados da rúa” (castelán “acera”); 2º) “Zona lonxitudinal da estrada comprendida entre a aresta exterior da calzada e o borde correspondente da plataforma” ou, nun senso máis coloquial, “parte lateral dunha estrada ou vía pública, ó mesmo nivel ou en realce respecto da calzada, destinada ós transeúntes ou a vehículos lentos” (castelán “arcén”).

1º) Castelán “acera” — galego “beirarrúa”:

Outros idiomas:

—Portugués: passeio (que tamén é o lugar onde se pode pasear).

—Francés: trottoir (derivado de “trotter”).

—Catalán: vorera (derivado de “vora” “beira”).

—Italiano: marciapiede (de “andar” + “a pé”).

—Inglés: sidewalk (“lado” + “andar”).

—Alemán: bürgersteig (“cidade” + “carreiro”).

Nalgúns dicionarios galegos atopamos solucións como “beira”, “viela”, “lousado”, “pasamento” ou “andel”, que realmente non se axustan, ou o fan moi parcialmente, ó concepto que queremos designar. Nalgúns outros propóñense as solucións de “acera” (castelanismo moi introducido na fala) ou “paseo” (que se toma con toda seguridade do dic-

cionario portugués). Tomar “acera” supoñería acepta-lo castelanismo usual (como se pode facer noutros casos, como “cuadrilla”, “tortilla”, “masilla”, “bombilla”, “mochila”, ou como fai o mesmo portugués con “cartilha”, “ladriño”, “(a)petrechos”, “tablado”, “despenhar”, etc.) e tomar “paseo” —a equivalente portuguesa— supoñería, á parte do préstamo, colisionar co “paseo” tradicional, é dicir, o lugar destinado a pasear ou onde habitualmente se pasea.

Neste caso, e tendo presente o que se quere designar —lado ou marxe da vía pública...— e outras formacións usuais (p. ex., “beiramar”, ou incluso as portuguesas “beira-rio” ou “beira-campo”), optouse por unha palabra composta, *beirarrúa*, que evita posibles colisións semánticas con “beira” simplemente ou con “paseo” e que resulta moi transparente.

2º) Castelán “arcén” — galego “beiravía”:

Outros idiomas:

—Portugués: berma (tomado do francés “berme”).

—Francés: accotement.

—Catalán: voravia.

—Italiano: banchina.

—Inglés: edge/road shoulder.

—Alemán: standspur.

Neste caso, os datos da lexicoloxía galega tampouco apuntan claramente cara a ningún claro equivalente; tan só “beira”, que se aplica ó borde ou á marxe de moitos obxectos (sombreiro, prendas de ves-

tir, palleiro, tellado, mobles...), tamén se usa falando das estradas, aínda que carece —máis que nada, por falta de tradición de uso neste nivel técnico— de precisión. Tendo isto en conta e segundo un certo paralelismo respecto de “beirarrúa” (castelán “acera”), fórmase *beiravía*, moito máis preciso cá simple “beira” e de clara transparencia.

Nin que dicir ten que ámbalas dúas palabras, *beirarrúa* e *beiravía*, deben difundirse polo uso e pola constancia nos dicionarios galegos, que terán que definilas máis ou menos como se fixo ó principio deste artigo. A súa adecuación e precisión vi-

rán dadas por isto, ó igual que aconteceu co francés “accotement”, co italiano “banchina” ou clarísimamente co castelán “arcén”, que de “margen, orilla” ou “brocal del pozo” (DRAE) se especializa polo uso que se fixo del falando de vías de comunicación e a través de textos referentes a obras públicas e comunicacións.

Polo tanto, procuremos usar e difundir BEIRARRÚA (castelán “acera”) e BEIRAVÍA (castelán “arcén”).

L. e A.

## documentos xudiciais

No número anterior de *Lingua e Administración* publicamos algunhas dilixencias xudiciais en galego que puidesen servir de modelo para o emprego do noso idioma nas actuacións xudiciais.

Mais como, segundo o artigo 7º da Lei de Normalización Lingüística, a parte pode utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas súa relacións coa Administración de Xusticia, ho-

xe publicamos uns sinxelos modelos de petición de intervencións xudiciais nas que non se precisa a intervención de avogado a fin de que aquelas persoas que así o desexen teñan uns formularios para se dirixiren ós tribunais en galego, facendo uso dos dereitos que como cidadáns galegos lles corresponden.

A cada un dos modelos publicados pódese engadi-la seguinte peti-

ción:

**OUTROSÍ DI:** Que, de conformidade co que dispón o artigo 7º da Lei de Normalización Lingüística, manifesta o seu desexo de utilizar nestas actuacións a lingua galega e de que se lle practique as notificacións neste idioma.

ORENCIO PÉREZ GONZÁLEZ  
(Secretario do Xulgado de  
1ª Instancia e Instrucción  
nº 2 de Vigo)

### ESCRITO SOLICITANDO A MULLER CASADA MEDIDAS PROVISIONAIS

#### Ó XULGADO

Dona \_\_\_\_\_, maior de idade, veciña de \_\_\_\_\_, con domicilio \_\_\_\_\_ perante o Xulgado comparece e como mellor proceda DI:

Que solicita medidas provisionais xa que ten pensado demanda-lo seu esposo de divorcio. Chámase o seu esposo \_\_\_\_\_ e ten a mesma veciñanza e domicilio cá solicitante.

Polo exposto, ó Xulgado

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude acorde sinala-las medidas que seguen:

- 1.- Separación provisional dos cónxuxes.
- 2.- Deixa-la solicitante no domicilio familiar.
- 3.- Xa que non existen fillos e a solicitante ten emprego non se fai solicitude en canto a pensión.

## PAPELETA DE SOLICITUDE DE CONCILIACIÓN

— Ó XULGADO DE DISTRITO —

\_\_\_\_\_ (Nome e apelidos) \_\_\_\_\_, maior de idade, veciño da cidade de \_\_\_\_\_, con domicilio na rúa \_\_\_\_\_, número \_\_\_\_\_, perante o Xulgado comparece e como mellor proceda DI:

Que intenta celebrar conciliación con D. \_\_\_\_\_ (Nome, apelidos, maior de idade e domicilio da persoa conciliada), para que se aveña a recoñecer \_\_\_\_\_ (dise a finalidade ou obxecto do acto conciliatorio que se intenta).

Polo dito, ó Xulgado

SOLICITA: Que tendo por presentado este escrito a maila súa copia se digne admitilo e tramitalo segundo as normas procesuais que rexen os actos conciliatorios, citando as partes e sinalando día e hora para a súa celebración.

Lugar e data.

Tamén se asinará á papeleta e maila copia.

## SOLICITUDE DE NOMEAMENTO DE AVOGADO E PROCURADOR DE OFICIO Ó XULGADO

\_\_\_\_\_ (Nome e apelidos) \_\_\_\_\_, maior de idade, veciña de \_\_\_\_\_, con domicilio na rúa \_\_\_\_\_, n° \_\_\_\_\_, na vila de \_\_\_\_\_, perante o Xulgado comparece e como mellor proceda DI:

Que carecendo de medios económicos para demandar a \_\_\_\_\_, sobre \_\_\_\_\_, solicita o nomeamento de avogado e procurador de oficio para que a defendan e representen.

Polo exposto, ó Xulgado

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude teña a ben admitila e prover segundo se pide no corpo deste escrito.

Lugar, data e sinatura.

## Nós en galego, ¿vostede?

Con este suxestivo eslogan a nosa Asociación en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística començou unha campaña na procura de adhesión ó uso da lingua galega oralmente e por escrito nas relacións internas e nas relacións cos cidadáns, manifestando deste xeito a nosa vontade de traballar pola plena galeguización das Administracións Públicas.

Facémolo porque o galego é a lingua propia de Galicia.

Porque o seu uso é, aínda hoxe e pese á súa persecución histórica e marxinação actual, maioritario e porque non ten dificultades de comprensión para ningunha persoa con boa vontade. E en todo caso, como funcionarios estamos dispostos a aclarar-las dúbidas que haxa.

Porque a Administración, como institución, ten unha responsabilidade histórica decisiva na desgaleguización da nosa Comunidade.

Porque é imprescindible para asegura-la supervivencia do noso idioma propio.

Porque reivindicámola dignidade e o carácter de servicio público (e a maioría do público fala galego) do noso labor cotián.

Por todo isto e por máis razóns, ofrecémola nosa disposición para levar adiante un plan racional e decidido de galeguización plena das Administracións públicas de Galicia que pasa por:

—A formación de todo o personal e a disposición dos medios necesarios para traballar en galego e a prol da sociedade galega;

—a vontade política de respecto e potenciación da lingua galega, dos dereitos dos cidadáns e da identidade dunha Galicia que, sen renunciar ó seu pasado e á súa realidade, estea aberta a un futuro non alleado;

o apoio dos cidadáns galegos a un proxecto común de recuperación de Galicia en tódolos seus aspectos.

